

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 18 DE ABRIL DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezoito de abril de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as doce horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 29 de marzo de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE EXECUCIÓN DE OBRAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES

— Julia Iglesias Janeiro

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade, presentada con data 4 de febreiro de 2022 (RE-E núm. 49), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	JULIA IGLESIAS JANEIRO
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DA TORRE DE CARBOENTES, PARROQUIA DE CARBOENTES
REPRESENTANTE	AGROLAMAS S.L.
CIF	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	OBRAS MENORES EN EDIFICACIÓN DE USO AGRARIO
LUGAR	A TORRE DE CARBOENTES
PARROQUIA	CARBOENTES
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
RFA. CATASTRAL DO INMOBLE	36047A127000700000LB
DOCUMENTO TÉCNICO	Proxecto técnico e anexo redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don José Luís Lamas Carral, en data 01/02/22 e 11/03/22
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	1.634,40 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 30/03/22)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	EXPLOTACIÓN GANDEIRA DE AUTOCONSUMO (BOVINO E PORCINO)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 30/03/22)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de TRINTA E DOUS EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (32,68 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

Sexto.- En aplicación do disposto nos artigos 24.2 da LECG e 364.2 do RLSG, logo de rematar a obra, deberán presentar no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Comunicación previa de inicio de actividade.
- ✓ Certificado final de obra asinado por técnico competente.

— Manuel Calviño Ferreiro

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade, presentada con data 13 de xuño de 2019 (RE núm. 1260), coas seguintes características:

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	MANUEL CALVIÑO FERREIRO
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO
REPRESENTANTE	JOSÉ RAMÓN RODRÍGUEZ DARROZA
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA TALLER MECÁNICO
SITUACIÓN	AVDA. LALÍN-MONFORTE NÚM. 53 – BAIXO
LUGAR	RODEIRO
PARROQUIA	RODEIRO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO URBANO – ORDENANZA NÚM. 1 – EDIFICACIÓN EN BLOQUE PECHADO
RFA. CATASTRAL DO INMOBLE	000202000NH82B0001XJ
DOCUMENTO TÉCNICO	Proxecto técnico e anexos redactados pola arquitecta técnica Dona Miriam Sánchez Rodríguez, en datas 15/06/19, 22/04/20 e 22/06/20
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	1.850,00 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	DOUS (2) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 30/03/22)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	REPARACIÓN DE VEHÍCULOS
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 12/09/19)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de

establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de TRINTA E SETE EUROS (37,00 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

Sexto.- En aplicación do disposto nos artigos 24.2 da LECG e 364.2 do RLSG, logo de rematar a obra, deberán presentar no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Comunicación previa de inicio de actividade.
- ✓ Certificado final de obra asinado por técnico competente.
- ✓ Certificado acústico.

3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE

O Sr. alcalde informa á Xunta de Goberno Local da Resolución do 7 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (DOG núm. 52, do 16/03/22), e a conveniencia de solicitar a axuda para o desenvolvemento do programa denominado “Concilia Rodeiro”, que ten como obxectivo potenciar a conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais das unidades familiares con menores ao seu cargo, en idade de escolarización obrigatoria, durante as tardes do período lectivo, así como en horario de mañá e/ou tarde no período non lectivo de verán.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Secretaría Xeral da Igualdade unha subvención por importe de DEZAOITO MIL EUROS (18.000,00 €) para o desenvolvemento do programa “Concilia Rodeiro”.

Segundo.- Aprobar a memoria descritiva do programa para o que se solicita subvención, redactada polos servizos municipais, cun importe total, correspondente a custos directos de persoal, de VINTE MIL CATROCENTOS SETENTA E CINCO EUROS (20.475,00 €).

Terceiro.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Cuarto.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Quinto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Sexto.- Designar para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade para aspectos relacionados coa tramitación do

expediente á educadora familiar do Concello Dona Ana Belén Rodríguez Pérez.

Sétimo.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

4.- ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO (MINHAP) E A XUNTA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN MUTUA DE SOLUCIÓNS BÁSICAS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros que o día 31 de outubro de 2013 asinouse un convenio entre a Administración Xeral do Estado (MINHAP) e a Xunta de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica, que ten como obxecto establecer os termos e condicións xerais para un aproveitamento común das solucións tecnolóxicas básicas de administración electrónica que prestan as partes asinantes en cumprimento da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos/as cidadáns/ás aos Servizos Públicos. O convenio establece que a Xunta de Galicia facilitará o acceso das Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia que estean interesadas nas solucións tecnolóxicas do convenio ou polas que as actualicen ou modifiquen no futuro, mediante a subscrición dun acordo coa Entidade Local que garanta o cumprimento das obrigas establecidas no convenio. Polo tanto, as entidades locais galegas, estean ou non adheridas ao anterior convenio (convenio de colaboración entre o Ministerio de Administracións Públicas e a Xunta de Galicia para a prestación mutua de servizos de administración electrónica asinado o 12 de marzo de 2008), se queren dispoñer ou seguir dispoñendo dos servizos recollidos nese convenio deberán asinar este acordo.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- A adhesión do Concello de Rodeiro ao Convenio, asinado o día 31 de outubro de 2013, entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta

de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica (BOE núm. 294, do 09/12/13).

Segundo.- O Concello adhírese expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio antes citado e asume as obrigas derivadas do mesmo, con observancia de todas as súas cláusulas, en particular as referidas ás obrigas e compromisos establecidos para as entidades locais.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine o documento de adhesión e cantos outros resulten precisos para a efectividade do acordado.

5.- AUTORIZACIÓN PARA A SINATURA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “VACACIÓNS EN PAZ 2022”

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros que o Concello vén de colaborar dende hai xa moitos anos nos diferentes programas de “Vacacións en Paz”, facilitando o custe do transporte de menores saharauis que veñen pasar un período de vacacións acollidos de xeito xeneroso por familias do municipio. Igual cos últimos anos previos á pandemia da COVID-19, no presente imos colaborar no acollemento de dous/dúas (2) menores no noso Concello. A achega municipal consiste non financiamento dos gastos de transporte dos nenos/as a acoller.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai para o desenvolvemento do programa “Vacacións en Paz 2022”, co contigo íntegro que se sinala no Anexo ao presente acordo.

Segundo.- Aceptar expresa e integramente as cláusulas do acordo de colaboración e comprometerse ao cumprimento das obrigas que o Concello debe asumir en virtude do acordado.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación que ostenta, asine o acordo de colaboración e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do presente acordo.

ANEXO

CONVENIO DA ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI CO CONCELLO DE RODEIRO

REUNIDOS:

Dunha parte Dona Maite Isla Avión, con DNI núm. [REDACTED], en calidade de presidenta da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, co CIF- G- 15924558.

Doutra parte Don Rubén Perfecto Quintá Quintá, con DNI núm. [REDACTED], en calidade de alcalde-presidente do Excmo. Concello de Rodeiro.

INTERVENÉN:

En nome e representación das súas respectivas Institucións e recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse a subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN entre ambas entidades.

EXPOÑEN:

As Vacacións en Paz preséntanse nun marco de solidariedade e axuda desinteresada co fin de propiciarlles unha estancia agradable e humanamente rica aos nenos e nenas saharais. Este programa dá a coñecer formas distintas de vida, de maneira que iso contribúa, non so na súa formación, senón tamén en mellorar e potenciar a comunicación e o entendemento entre o noso pobo e o Pobo Saharai.

Os obxectivos específicos do programa Vacacións en Paz serán:

- 1.Reivindicar o dereito dos nenos e nenas saharais a vivir no Sáhara Occidental e poñer de manifesto a situación na que actualmente viven.
- 2.Facilitar asistencia médica e de alimentación.
- 3.Promover, entre a sociedade galega, os valores de tolerancia e solidariedade facilitando así a convivencia e integración de todas as persoas na comunidade.
- 4.Perfeccionar a aprendizaxe da lingua castelán e galega que estudan nos seus programas escolares.
- 5.Ofertar unha alternativa de ocio e tempo libre.
- 6.Evitar a súa estancia nos campamentos durante os meses de xullo e agosto por teren as temperaturas máis altas (máis de 50º á sombra).

Tendo en conta:

PRIMEIRO: Que o presente Convenio ten por obxecto regular o desenvolvemento do programa "Vacacións en Paz 2022" durante os dous meses do verán (xullo e agosto) nos que nenos/as do pobo saharai estarán no Concello de Rodeiro.

SEGUNDO: O Concello de Rodeiro responsabilizarase de:

- 1.Aporte económico para os billetes dos menores que serán acollidos no Concello de Rodeiro.
- 2.O pagamento do proxecto efectuarase antes do 30 de abril.

TERCEIRO: Que a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, RESPONSABILIZARASE de:

- 1.Facer un seguimento exhaustivo dos proxectos conxuntamente coa Delegación Saharai para Galicia para que todos os compromisos se cumpran.

ACORDAN:

PRIMEIRO: Establecelo presente Convenio de colaboración entre o Concello de Rodeiro e a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui, en orde a unha mellor coordinación dos programas presentes e futuros a desenvolver.

SEGUNDO: Os presentes comprométense a manter entre si un fluído intercambio de información en todos aqueles aspectos que sexan relevantes.

TERCEIRO: O ámbito de colaboración estará orientado preferentemente ós seguintes campos de actuación:

A apoiar o proxecto "Programa de Vacacións en Paz 2022 no Concello de Rodeiro, evitando con esta viaxe que as nenas e nenos permanezan os meses de calor de xullo e agosto nos campamentos con temperaturas en ocasións de 50º, facilitar asistencia médica e de alimentación, colaborar con esta subvención a sufragar os pasaxes dos nenos e nenas acollidos no Concello. Despois de dous anos de pandemia da COVID-19, é máis necesario que nunca que as nenas e nenos saharauís pasen 2 meses de verán con familias en Galicia.

CUARTO: O custe do pasaxe de cada menor saharai Tindouf-Santiago./ Santiago-Tindouf é como en anos anteriores de 890 €. Polo que a achega económica por parte do Concello de Rodeiro, para o Programa "Vacacións en Paz 2022", para contribuír a sufragalos gastos derivados da súa execución, será de 1.780 €.

O ingreso farase antes do 30 de abril na conta seguinte: A Banca - ES40 2080 5056 13 3040034374.

QUINTO: A vixencia deste Convenio rematará o 30 de decembro, prorrogándose este para o ano seguinte de continuar co mesmo proxecto no Concello de Rodeiro e sempre que ambas partes estean de acordo.

Este convenio surtirá efecto dende a data de asinamento.

En proba de conformidade as partes asinan o presente Convenio en Rodeiro a:

6.- ALTA DE USUARIA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR BENEFICIARIA DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

A existencia de dispoñibilidade horaria no servizo municipal de axuda no fogar permite acordar unha nova alta de usuario de dito servizo segundo a prioridade establecida no Programa de Asignación de Recursos (PAR) xestionado pola Consellería de Política Social, e que se adapte ao número de horas dispoñibles no PIA a prestar, cumprindo ditas circunstancias nesta data Dona Elvira Corral Villamor.

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe emitido pola traballadora social do Concello Dona Mirian Gil Gómez en data 05/04/22, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda dar de alta no servizo de axuda no fogar da Lei de Dependencia á seguinte usuaria:

NOME E APELIDOS: Elvira Corral Villamor

DNI: ██████████

DOMICILIO: Lugar de Suíme, parroquia de Santa Mariña de Pescoso

VALORACIÓN: ██████████

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 2,14 €/hora

7.- AUTORIZACIÓN PARA AUMENTO DE XORNADA ADXUDICADA NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2021-2022

VISTA a instancia presentada por Don Alfonso Doval Cidre, con DNI núm. ██████████ e con domicilio no lugar de Soeirexa, parroquia de Santa Baia de Camba (RE-E núm. 156, do 04/04/22), pola que solicita o aumento da xornada que ten asignada a súa filla Mariña Doval Sánchez como usuaria do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2021-2022, pasando da quenda de mañá inicialmente concedida á de xornada completa de mañá e tarde.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a solicitude cumpre cos requisitos esixidos así como a existencia de prazas vacantes a esta data na quenda solicitada, e de conformidade co informe favorable emitido pola mestra do PAI Dona Raquel Blanco Valladares en data 05/04/22, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda autorizar o aumento de xornada solicitado, con efectos do día 1 de abril de 2022.

8.- SOLICITUDE AO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR PARA FORMAR PARTE DO PROGRAMA “XANTAR NA CASA”

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros presentes da conveniencia de solicitar ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a integración do Concello no programa denominado “Xantar na casa”. O programa “Xantar na casa” concíbese como un programa de atención aos colectivos de persoas maiores e persoas en situación e/ou risco de exclusión social. Ten como finalidade mellorar a calidade de vida das persoas, prestando un apoio dentro do propio domicilio, que se atopan cunha serie de limitacións e que lles impide ter unha adecuada cobertura alimenticia. Dende unha perspectiva integral este servizo proporciona a posibilidade de complementar ao servizo de axuda o fogar que presta o Concello e atender as necesidades relacionadas coa alimentación de persoas maiores e outros colectivos que

precisen do servizo e manter ao máximo a propia capacidade de independencia e autonomía posibilitando a permanencia nos seus propios fogares nunhas condicións aceptables, prestar máis atención e coidados ás persoas que o precisen no seu propio entorno, evitar o desarraigo ou retardar posibles institucionalizacións. E no ámbito familiar contribuír no proceso de igualdade e da conciliación da vida familiar e laboral. Establécese inicialmente un número de dez usuarios/as para a posta en marcha do programa, sen prexuízo da súa ampliación no futuro en función das circunstancias que conorra.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Manifestar o interese do Concello na posta en marcha neste municipio do programa “Xantar na Casa” que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, do que esta entidade local forma parte, está a desenvolver, de acordo coas súas finalidades e competencias, consistente nun servizo de comida a domicilio co que se pretende garantir unha alimentación adaptada ás necesidades de persoas maiores e/ou dependentes.

Segundo.- Establecer un número máximo inicial de dez (10) persoas usuarias.

Terceiro.- Comunicar a vontade do Concello, unha vez admitida a súa participación no programa, de asinar o correspondente convenio interadministrativo de colaboración co Consorcio que regulará a relación Concello-Consorcio na prestación do servizo de xantar.

9.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA

VISTA a instancia presentada pola sociedade DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS S.L., co CIF núm. ██████████ e con domicilio social en A Coruña (RE-E núm. 129, do 23/03/22), pola que solicita a devolución da garantía constituída a favor deste Concello mediante seguro de caución da entidade aseguradora ATRADIUS CRÉDITO Y CAUCIÓN S.A. DE SEGUROS E REASEGUROS, estendido con data 28/11/18 (certificado núm. ██████████), por importe de DEZ MIL OITOCENTOS OITENTA E SEIS EUROS (10.886,00 €), en concepto de garantía definitiva para responder das obrigacións derivadas do cumprimento do contrato da obra de “*Construción dun edificio*”

polivalente de uso asistencial – Fase II”, tendo en conta o establecido no artigo 111 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a súa cancelación e devolución á solicitante.

10.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 289,95 € E 61,71 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 22A385 e 22A386 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 274,67 € E 130,44 €
Por consumos dos teléfonos das dependencias municipais, s/facturas núm. TA6T900001410 e TA6T90001411 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 € E 0,00 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-D2DD-044054 e 28-D2DD-044373 (FACe).
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 53,24 € E 44,69 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de marzo de 2022, s/facturas núm. 4003357601 e 4003360124 (FACe).
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 494,22 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 347.
- CONSULTORÍA ICAL S.L. 2.758,80 €
Por abono parcial do contrato de servizo para a actualización, informatización e peche contable do exercicio económico 2021, s/factura núm. 2022.011.

- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 381,90 €
Por subministro de radiador e reparacións eléctricas no Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 19/21.
- MANUEL JORGE ALBOR 2.953,60 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 010.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 82,28 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 21/22.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 221,43 €
Por traballos de fontanería no lugar de Rubiás, s/factura núm. 20/22.
- SOLUCIONES INTEGRALES PARA EL MEDIO AMBIENTE S.L.U. 4.945,60 €
Por servizo de recollida e transporte de residuos de puntos de acopio de plásticos agrícolas, s/factura núm. 22072 (FACe).
- MANUEL MOREIRAS CALVIÑO 3.448,50 €
Por traballos de acondicionamento de camiños municipais nos lugares da Granxa e Quintás (O Salto), s/factura núm. 5.
- CONSTRUCCIONES NÉSTOR FERNÁNDEZ S.L. 5.263,50 €
Por traballos de acondicionamento de camiños municipais nos lugares de Arcas e Adelán, s/factura núm. 01 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)